



Emenda do acceso á documentación incluída no Acordo, do 14 de novembro de 2024, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública o Proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL.

En relación co Acordo do 14 de novembro de 2024, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L. (DOG núm. 226, do 22 de novembro de 2024); advertido un erro no enlace de descarga da documentación sometida á información pública, indicado no Portal de transparencia e Goberno aberto desta consellería: <https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>, consistente na imposibilidade de obter o documento denominado «EslA37_Anexo 35_CARTOGRAFÍA AMBIENTAL.pdf» incluído na carpeta «4-Estudio ambiental»; procédese a incluír no indicado Portal enlace do que poder descargar o dito documento.

Isto faise público para coñecemento xeral, abrindo un prazo de trinta (30) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da presente emenda no Diario Oficial de Galicia, durante o cal se somete a información pública o Proxecto Cobre San Rafael, declarado como proxecto industrial estratéxico (PIE) por acordo do 24/06/2024 do Consello da Xunta de Galicia, e situado nos termos municipais de Touro, O Pino, Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, SL.

As posibles alegacións presentaranse durante o prazo de trinta (30) días hábiles sinalado, dirixidas ao director territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, na data indicada na sinatura dixital

O director territorial

P.A. (art. 40 do Decreto 140/2024, do 20 de maio, DOG núm. 101 do 27.05.2024)

Lourdes Fernández Parajes

Xefa do Servizo de Industria

